



# ILLA DE AROUSA NORTE

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 7 km  
**Dificultade:** baixa  
**Duración:** 3 horas



Unha ruta circular polo perímetro costeiro do norte da Illa de Arousa: O Cantión, O Naval, O Faro, Barbafeita, Testos, Semoiño e O Cantión. 6,5 km case todos eles acondicionados para gozar das paisaxes da propia Illa, da Barbanza e da costa da banda do mar, do interior da ría ata Cortegada e o exterior ata Rúa, Nor e Sálvora. E para completala a paisaxe humana e as bateas.

## COMO CHEGAR:

Deixamos o coche no Cantión, nas proximidades do concello, e comezamos a ruta collendo cara a O Naval desde onde seguimos polo camiño máis achegado ao mar. Ao comezo hai un pequeno tramo sen acondicionar e logo xa se segue a ruta preparada ata o Faro. Desde alí pódese volver un pouco atrás polo camiño ou atallar pola praia de Sualaxe e subir ata a pedra Escorregadeira por un carreiro estreito polo monte. Seguimos a ruta ata o campo de fútbol e alí baixamos á beiramar na praia de Testos e desde alí volvemos ao Cantión pasando por unha sucesión de cons e pequenas praias ata a zona habitada.



Faro de Punta Cabalo



Punta do Cabalo



Praia de Sualaxe e Pedra Escorregadeira



Pedra Escorregadeira, Area da Secada e Punta de Barbafeita desde o faro.





Con dos Tres Pés na Punta Barbafeita



Dunas en Area da Secada



Niño do Corvo



Punta de Testos



O Cantiño desde Semoíño